

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
DATA: 29/01/2021
SAIDA: 1934/21



A.N.P.A. Bidueiros e A.VV. Montenegro de Baamonde
anpa@baamonde.org

Expediente: D.3.Q/275/21

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2021

Estimados Sres.:

Recibido nesta institución o seu escrito de queixa, este deu lugar ao expediente co número arriba indicado.

Unha vez estudada a súa queixa, dámola por admitida ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei da Valedora do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Begonte. En concreto requirímoslles que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei da Valedora do Pobo, nos facilite información sobre os problemas que motivan a súa queixa. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que ese órgano ten que remitirnos poñerémonos de novo en contacto con vostedes para darlles conta da nosa actuación ao respecto.

Se vostedes contan con vías de recurso e desexa facer uso delas, a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para presentar o recurso correspondente fronte a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional. Informámoslos tamén de que a Valedora do Pobo non pode entrar no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e debe suspender a súa actuación no caso de que, unha vez iniciada, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais expostos nas queixas presentadas. En calquera caso velará porque a Administración resolva expresamente, en tempo e en forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

Agradézolles a confianza que nos demostran, e saúdoos atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (Asinado dixitalmente)